

***O Concello das Neves presenta o cartaz da feira do Requeixo e do Mel de 2016, que se celebrará, como cada ano, o venres da semana santa , día 25 de marzo.***

*O Concello afronta esta XXV edición con sensíbeis cambios na imaxe, tanto estéticas como de fondo, que se transmitirán na presentación oficial do programa e actividades que se levará a cabo o próximo venres día 11 nas Neves.*

*O conxunto de actividades programadas para esta edición da feira obedecen á intención de aunar sinerxias, e difundir as potencialidades dos produtos en relación co territorio. Así como, tamén, materializar unha decida aposta pola transmisión da mensaxe de que un produto de calidade, que se sustente nos valores do que poderíamos denominar agroecoloxía, aporta a un territorio singularidade, e ás súas xentes valores engadidos ao económico.*

*Nas Neves queremos celebrar esa singularidade cunha feira á que convidamos a todas as persoas que disfruten con estes valores e aprecien a gastronomía delicada que se ofrece.*